



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZANOVE DE XULLO DE 2023, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente :	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
(Escusa asistencia)	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día dezanove de xullo de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede de actas de sesións anteriores (28/06/2023)

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28/06/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 28/06/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación inicial, se procede, da ordenanza xeral de subvencións do Concello de Vedra. (Expdte: 2023/G013/000002)

Visto que o Concello de Vedra dirixe unha parte significativa do seu orzamento á concesión de subvencións co obxecto de fomentar o desenvolvemento cultural, deportivo social e económico do concello, especialmente cooperando coas entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa labor no noso territorio.

Considerando á necesidade de outorgarlle un carácter normativo e unificado a aquelas prácticas e criterios seguidos por esta administración na aprobación das convocatorias, actos de concesión e formalización de convenios, xustificación e control das subvencións pagadas nos derradeiros anos.

Á vista da documentación que obra no expediente e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



Primeiro: Aprobar inicialmente a ordenanza xeral de subvencións do Concello de Vedra.

Segundo: Someter a dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia aos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, por prazo de 30 días hábiles, para que poidan presentar reclamacións ou suxestións. O texto íntegro da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

Terceiro: No suposto que non se presenten reclamacións ou suxestións en relación coa aprobación inicial, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, estendéndose pola secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

Cuarto: O acordo de aprobación definitiva co texto íntegro deberá publicarse no BOP de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Acordo, se procede, sobre participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + ADICIONAL 2/2023. (Expdte: 2023/A/008/000031)

Visto que o Pleno do concello, en sesión ordinaria, celebrada o día trinta e un de xaneiro do ano que andamos, aprobou a participación no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023, incluíndo no Plan Complementario os seguintes investimentos:

Investimentos	Orzamento Contrata	IVE con dedución	Orzamento subvencionado
Colectores de saneamento en Fontao	121.999,76	0,00	121.999,76
Ampliación abastecemento á San Miguel de Sarandón	176.072,70	30.558,07	145.514,63

Visto que o Pleno da Deputación Provincial, con data 26 de maio, aprobou o citado plan no marco das súas bases reguladoras aprobadas polo Pleno en sesión realizada o 25 de novembro de 2022 (BOP núm. 228/22 do 1 de decembro). No acordo de aprobación inclúense tanto un plan Base como un Plan Complementario composto por investimentos financeiramente sostíbeis solicitados polos concellos, que se aproban con natureza de reserva e a súa finalidade é poder investir en cada concello os créditos procedentes dunha maior achega provincial a este Plan no caso de que a Deputación o acorde.

O importe da achega provincial destinada ao financiamento do Plan Adicional 2/2023 asignada a este concello ascende a 346.383,85 euros, que poderán aplicarse ao financiamento de gastos correntes devindicados durante o exercicio 2023 ou a investimentos financeiramente sostíbeis

Visto que na 1ª fase do Plan, por Resolución da Alcaldía núm. 479/23, de data 04 de xullo, se confirmou a aplicación da maior achega provincial ao seguinte investimento financeiramente sostíbel que xa se tiña incluído no Plan Complementario do POS + 2023:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Investimentos financeiros sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS + 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Achega municipal	IVE soportado con dedución	Total Concello	Orzamento total
Coletores de saneamento en Fontao	121.999,76	0,00	0,00	0,00	121.999,76
TOTAL	121.999,76	0,00	0,00	0,00	121.999,76

De acordo coas bases reguladoras deste plan, propónse ao Pleno:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS +ADICIONAL 2/2022, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

b) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devindicados en 2023	224.384,09 euros

c) Resumo de financiamento

		Concello			
POS + ADICIONAL 2/2023	Deputación	Concello	IVE soportado con dedución	Total concello	Orzamento total
Gastos correntes servizos obrigatorios	224.384,09				224.384,09
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023					
TOTAL	224.34,09				224.384,09

SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste plan.

TERCEIRO.- Autorizar a Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A Presidencia di que tal e como faloron na comisión, cando vén o POS+ Principal, sempre obriga a presentar proxectos pensando no complementario. Nunca se sabe que cantidade pode ser porque depende de remanentes. No seu momento presentaron 2 proxectos de obras que eran continuar co saneamento en Vedra, na aldea de Fontao, por valor duns 122.000 €; e a ampliación do abastecemento xeral de auga en San Miguel de Sarandón, por un valor de 176.000 €, aínda que o o que se subvenciona son 145.000 € porque o IVE ten dedución.

Comunican que neste adicional correspóndelle ao concello 346.000 €, pero hai que ter en conta que cando se elaboraron os orzamentos para garantir a sostibilidade dos servizos, tiñan previsto



o financiamento de gasto corrente por parte da Deputación duns 376.000 €. No primeiro plan xa foron 198.000 € e obviamente hai unha obriga financeira de dotar esa cantidade completa, que veñen sendo uns 178/180.000 €.

A raíz diso tamén, en canto a obras, hai unha que é a de Fontao da que teñen todas as licenzas, co cal unha vez aprobada pola Deputación pódese iniciar a licitación. Se se suman eses 178.000 € aos 122.000 € chegan os cartos que dan agora e habería un excedente de 46.000 € que non serían suficientes para a ampliación do abastecemento en San Miguel de Sarandón. Ademais nesta obra está pendente a autorización máis complexa, que é a de Fomento, porque ten que atravesar a liña xeral de abastecemento a autopista e aínda non a enviaron. Esta semana terá lugar unha reunión entre o concello, técnicos e Acega para acadar a mellor solución. Estes trámites supoñen un retraso de cinco ou seis meses, por iso non tiña moito sentido aprobar esa obra agora se non se pode licitar. Mostra o seu compromiso de aprobala no seguinte POS.

Por outro lado, si é certo que eses 46.000 € a maiores se meten en gasto corrente, é dicir, xustifícanse en gasto corrente, pero a idea é dotar con orzamento o presuposto coas modificacións de crédito oportunas para levar a cabo algunhas obras que non estaban presupostadas pero que son necesarias. Tamén hai algún gasto como o do SAF, xa que por unha serie de circunstancias tiveron que chegar a acordo entre a empresa, os sindicatos e o concello. Dentro dese acordo, todos teñen que poñer algo e ao concello correspóndelle poñer uns 15.000 € e poden facelo con eses excedente. Tamén isto serviría para dotar de crédito outras obras que se están facendo nas unitarias (5/6.000 €), obras no patio exterior da gardería (8/9.000 €) e no CPI de Vedra (15.000 €). Con ese excedente cubrirán esas obras que non estaban presupostadas.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vaise abster.

No caso de San Miguel de Sarandón, non é que estea pendente, senón que o proxecto que se enviou está mal feito e hai que facer unha modificación do mesmo.

Non sabe ata que punto, dicir en pleno que está gravado e vai constar en acta, que se deixan 40.000 € dun POS para completar o orzamento, é legal; cando ten que ser para gasto xeral.

Reitera a abstención do seu grupo porque sempre son asuntos raros e non hai unha planificación coherente. Di que é un desleixo da xestión pública.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise abster, pero quere facer unha proposta. A ANPA A Boca suxeríulles a construción dunhas beirarrúas dende o pavillón municipal ata o velódromo. É un lugar moi transitado polo alumnado do CPI cando se dirixe ás pistas e que ten un risco para os nenos debido ao tránsito de vehículos. Sería unha inversión que repercutiría positivamente na mellora de acceso ás instalacións do concello.

A Presidencia contéstalle ao BNG que non hai que modificar o proxecto nin está mal. Simplemente Fomento di que no proxecto non queda claro como é o paso por enriba da autopista, por iso remiten a que o concello fale con Acega, porque lle van pedir o informe a Acega.

Por outro lado non está dicindo ningunha ilegalidade. Está dicindo que van pedir para gasto corrente e xustificar gasto corrente. O que terá que facer despois é unha modificación de crédito, e se hai que aprobala en sesión plenaria, farase. Non é ningunha irregularidade nin nada estraño que non se faga en todos os concellos.

Respecto ao que formula o PsdeG-PSOE, é certo que é unha necesidade e agradece a suxestión. O que poden facer é que nese POS que teñen que aprobar nuns meses, xa que está metido o saneamento e meter o abastecemento nesa canalización; pódese planificar, proxectar e aprobar nese POS.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP e cinco abstencións do BNG e PsdeG-PSOE.



4º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Aclara que a pregunta dos 46.000 € era para o Sr. Secretario, e di que se algo non queda claro nun proxecto é que está mal feito e haberá que modificalo. Ao mellor teñen que cambiar de proxectista.

2º.- Pregunta que aconteceu co pagamento a María Jesús Rosende Otero por un despido improcedente e o concello ten que cumprir a sentenza xudicial.

3º.- Tendo en conta que a apertura da oferta para a adxudicación da obra de mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrela e outros no POS Adicional 2021 fíxose hai uns días, solicita o proxecto de control arqueolóxico solicitado pola Consellería de Cultura e Patrimonio Cultural. Pregunta a cargo de quen vai ese proxecto.

4º.- No informe de necesidade do órgano de contratación da mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrela e Outros do POS Adicional 2021, no segundo parágrafo di: “pavimentación de pistas en San Xián, Illobre, San Mamede e outros”, que corresponde ao POS Adicional 2022. Supón que foi un erro ao copiar e pegar. Solicita que o corrixan.

5º.- Solicita que o grupo de goberno xere unha planificación da limpeza de cunetas.

6º.- Felicita á Presidencia por ser deputado provincial, pero se sabía que ía ser deputado pregunta por que se asignou hai uns días unha dedicación exclusiva ou é que vai renunciar ao salario de deputado.

Espera que faga máis có seu compañeiro de partido e consegue que algunha moción que está aprobada en pleno hai cinco anos saia adiante como a da cesión de espazos públicos.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta por que esta modificación das melloras do SAF a medio contrato. Porque se se asinan unhas melloras xusto antes de asinar un novo contrato, o normal sería que esas melloras continuaran ata o final do contrato, non que se modifiquen na metade do contrato.

-- Dona Begoña González, do PsdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Traslada un rogo que lle fan dende a ANPA do CPI, que é a posibilidade de que se valore a reorganización do servizo de ludoteca, xa que hai familias que solicitan que dende os servizos municipais, ludoteca e/ou biblioteca, houbese unha persoa que lles axudase coas actividades escolares nese período de tempo para os nenos que asisten a actividades deportivas e teñen un período de dúas horas baleiras.

2º.- Solicita o informe de intervención da previsión de gastos correntes do 2023, para a solicitude do POS Adicional.

3º.- Pregunta en que proceso está a execución do POS 2021/2022.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.

Asdo: O Secretario: Carlos J. Méndez –Losada Abalo

Asdo: O Alcalde: Carlos Martínez Carrillo



ANEXO I

ORDENANZA XERAL REGULADORA DE SUBVENCÍONS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....	7
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	7
Artigo 1. Obxecto.....	7
Artigo 2. Concepto de subvención.....	7
Artigo 3. Réxime xurídico das subvencións	8
Artigo 4. Ámbito de aplicación.....	8
Artigo 5. Órganos competentes.....	8
Artigo 6. Persoas beneficiarias.....	8
Artigo 7. Obriga persoas beneficiarias.....	9
Artigo 8. Compatibilidade de subvencións	9
Artigo 9. Solicitudes	10
Artigo 10. Gastos subvencionables.....	10
CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.....	10
Artigo 11. Bases específicas e convocatorias	10
Artigo 12. Procedementos de concesión.....	11
Artigo 14. Procedemento de concesión directa de subvencións	12
CAPÍTULO III. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO	13
Artigo 15. Xustificación.....	13
Artigo 16. Pagamento das subvencións	14
CAPÍTULO IV: REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR.....	14
Artigo 17. Reintegro das subvencións	14
Artigo 18. Réxime de infraccións e sancións.....	14
DISPOSICIÓN TRANSITORIA	14
DISPOSICIÓN DERROGATORIA	14
DISPOSICIÓN FINAL	15



1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha parte significativa da actividade financeira das administración públicas canalízase a través de subvencións, dando apoio e resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.

A aprobación da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RLXS) supuxo un importante paso na determinación dun marco normativo xeral desta modalidade de gasto público.

O artigo 3.1.b) da LXS inclúe as entidades que integran a administración local no ámbito de aplicación subxectivo, impondo no artigo 9 a obriga de aprobar co carácter previo ao outorgamento de subvencións, as bases reguladoras de concesión. Conforme ao artigo 17.2 da Lei, as bases reguladoras das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

Ademais de dar cumprimento ao citado mandato legal, esta iniciativa normativa atende a necesidade de conseguir unha maior seguridade xurídica, outorgándolle carácter normativo a aquelas prácticas e criterios seguidos por esta administración na aprobación das convocatorias, actos de concesión e formalización de convenios, xustificación e control das subvencións pagadas nos derradeiros anos.

Polo exposto, e no exercicio da potestade normativa que ten atribuída o Concello no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, redáctase a presente ordenanza.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, o réxime e procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións por parte do Concello de Vedra a favor de particulares, entidades e colectivos cidadáns con destino a realización de proxectos, actuacións e actividades que teñan por obxecto o fomento de accións de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, dentro das competencias que correspondan á entidade local.

Artigo 2. Concepto de subvención

Enténdese por subvencións toda disposición diñeiraria realizada polo Concello de Vedra a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra cos seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa polas persoas beneficiarias.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizado ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- c) Que o proxecto, acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.



Artigo 3. Réxime xurídico das subvencións

As subvencións que se outorguen polo Concello de Vedra rexeranse, no non previsto na presente ordenanza, polo disposto na:

- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RLXS) nos seus preceptos básicos.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Preceptos non básicos da LXS e RLXS.
- As bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Artigo 4. Ámbito de aplicación

A presente ordenanza será de aplicación a todas as subvencións que conceda o Concello de Vedra sexan en metálico ou en especie e con independencia do procedemento específico que se siga para o seu outorgamento.

Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza:

- Os premios que se outorguen sen previa solicitude do beneficiario.
- As dotacións económicas aos grupos políticos municipais.
- As axudas económicas de emerxencia social que se rexerán pola súa regulación específica.
- As achegas que en concepto de cotas que se realicen a favor das asociacións ás que se refire a disposición adicional 5ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local.

Artigo 5. Órganos competentes

1. É competencia do Pleno da Corporación a planificación da acción de fomento mediante a aprobación dun plan estratéxico de subvencións e a aprobación do orzamento municipal, no que consten os créditos necesarios para levar a cabo a acción de fomento nas distintas áreas de actuación.

2. É competencia da alcaldía a aprobación das convocatorias de subvencións, resolucións de concesións, aprobación das xustificacións e ordenación do pago, sen prexuízo das delegacións que se poidan acordar en cada momento a prol da Xunta de Goberno Local.

Artigo 6. Persoas beneficiarias

Terá a consideración de persoas beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que vaian realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación lexitima para a súa concesión.

Cando a persoa beneficiaria sexa unha persoa xurídica, e sempre que así se prevea expresamente na convocatoria, terá igualmente a consideración de beneficiarios os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades



que fundamenten a concesión da subvención en nome e por conta deste último. Así mesmo, cando se prevexa expresamente na convocatoria, poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos actividades ou comportamentos ou se atopen en situación que motiva a concesión da subvención. Neses casos deberase nomear un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario corresponden á agrupación.

As convocatorias de subvencións determinarán os requisitos específicos que deben reunir os solicitantes para participar no procedemento correspondente.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria as persoas nas que concorren algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da LXS. A acreditación de non incorrer nas prohibicións para ser beneficiaria realizarase mediante declaración responsable incluída no modelo de solicitude e deberá manterse ata o momento do pago.

Artigo 7. Obriga persoas beneficiarias

Son obrigas das persoas beneficiarias, as previstas na lexislación vixente, especialmente:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade e adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- Xustificar ante o concello o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou desfrute da subvención.
- Someterse á actividade de control do concello destinada a comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións.
- Adoptar as medidas de difusión e publicidade. A este respecto, estarán obrigados a facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe da actividade ou obxecto da subvención que a mesma está subvencionada polo concello nos termos que se estableza na respectiva convocatoria, convenio ou resolución de concesión.
- Comunicar calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.

Artigo 8. Compatibilidade de subvencións

As subvencións concedidas polo concello e salvo que na convocatoria específica, convenio ou resolución de concesión se sinala outra cousa, son compatibles coas achegas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, sempre que o seu importe, illadamente ou en concorrencia con estas, non supere o custo da actividade subvencionada.

Ao efecto, o beneficiario deberá comunicar ao órgano que concede a subvención a concesión doutras subvencións, axudas, ingresos e demais recursos que financien as actividades subvencionadas cando teña coñecemento e en calquera caso antes da súa xustificación.



Artigo 9. Solicitudes

As persoas físicas presentarán as solicitudes a través do Rexistro Xeral do Concello de Vedra ou no Rexistro Electrónico do Concello ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas xurídicas presentarán as solicitudes electronicamente mediante instancia xeral na sede electrónica do Concello de Vedra, de conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que dispón a obriga das persoas xurídicas de relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas. No suposto de presentar a solicitude presencialmente, requiriráselle ao interesado para que emende a través de su presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se teña realizada a subsanación.

Si a solicitude non reúne os requisitos esixidos ou non se acompañasen os documentos preceptivos, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixera, terase por desistido na súa petición. Este prazo só poderá ser ampliado nos procedementos de concesión directa.

Artigo 10. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no período subvencionable que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas convocatorias ou instrumento que regule a subvención.

Considérase así mesmo gastos subvencionables aqueles custos indirectos imputables á actividade e custos de funcionamento ordinarios cando así se estableza expresamente na convocatoria ou instrumento que regule a subvención. En ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias; os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Así mesmo non serán subvencionables os impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención o abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

Artigo 11. Bases específicas e convocatorias

A presente ordenanza constitúe as bases xerais de subvencións que será completada en cada ocasión coas correspondentes bases específicas e convocatorias que se aprobarán conxuntamente co contido mínimo esixido nos artigos 17.3 e 23.2 da LXS.



A publicación das bases específicas e convocatorias realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no artigo 20 da LXS e adicionalmente no taboleiro de anuncios.

Artigo 12. Procedementos de concesión

O procedemento ordinario de concesión será o de concorrência competitiva, mediante a comparación de solicitudes ao obxecto de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios e valoración fixados na convocatoria e baseados na publicidade da convocatoria e nos principios de transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación. Igualmente procurarase a maior eficiencia na asignación e utilización dos fondos públicos.

Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As nominativas previstas no orzamento municipal.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposta a esta administración local por unha norma de rango legal.
- c) Con carácter excepcional aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Artigo 13. Procedemento de concesión en réxime de concorrência competitiva

O procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria pública aprobada polo órgano competente de acordo co disposto no artigo 5.

A publicidade das convocatorias realizaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) así como na sede electrónica.

As convocatorias deberán incluír o contido ao que se refire o artigo 23.2 da LXS, especialmente:

- Indicación da presente ordenanza e do boletín no que se teña publicado.
- O interese público afectado e a competencia que exerce o Concello.
- Referencia ao Plan estratéxico de subvencións que prevé ou fundamenta a concesión da subvención.
- Normativa de aplicación.
- Obxecto e finalidade.
- Crédito orzamentario.
- Requisitos das persoas beneficiarias.
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións.
- Forma e prazo de presentación de solicitudes.
- Procedemento de tramitación das subvencións, con indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.
- Prazo de resolución e notificación.
- No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 27 da LXS.
- Medio de notificación ou publicación.
- Contías das axudas.
- Posibilidade de efectuar pagos anticipados.
- Esixencia, no seu caso, de cumprir co trámite de aceptación.



- Período e gastos subvencionables.
- Criterios de valoración.
- Forma e prazo de xustificación das axudas concedidas.
- Obrigas das persoas beneficiarias.
- Réxime de infraccións e sancións.
- Reintegro das subvencións.
- Tratamento de datos de carácter persoal.

As convocatorias deberán incluír modelos normalizados, declaracións responsables e demais documentos que deban presentarse xunto coa solicitude e xustificación das subvencións.

A tramitación das subvencións en réxime de concorrência competitiva rexeráse polo disposto nesta ordenanza e na convocatoria aprobada ao efecto.

O órgano competente para a instrución realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polas persoas beneficiarias e emitirá informe relativo ás solicitudes que cumpran os requisitos para poder ser beneficiarias da subvención.

Por resolución da alcaldía designaranse así mesmo os membros dunha comisión avaliadora que emitirá informe onde se recolla a orde de concesión das axudas ás persoas beneficiarias.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que debe constar que, da información que obra no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e que non se atopan incurso en ningunha das prohibicións establecidas para ser beneficiarios na lexislación vixente.

Con todo, e demais informes que no seu caso foran legalmente esixibles, o órgano competente de acordo co disposto no artigo 5, resolverá o procedemento. A resolución ademais de conter a concesión da subvención deberá conter de xeito motivado a desestimación, no seu caso, do resto das solicitudes.

A concesión de premios que teñan a natureza de subvención deberá efectuarse de acordo co disposto no presente artigo, admitindo aos efectos da súa xustificación, a aplicación do artigo 30.7 da LXS.

Artigo 14. Procedemento de concesión directa de subvencións

O procedemento de concesión de subvencións nominativas e a súa tramitación regularase anualmente nas bases de execución do orzamento do Concello de Vedra.

O convenio será o instrumento de canalización da concesión de subvencións nominativas.

O procedemento excepcional de concesión directa de subvencións consonte ao disposto no artigo 22.2.c) da LXS e a súa tramitación regularase anualmente nas bases de execución do orzamento do Concello de Vedra. Estas subvencións deberán solicitarse mediante modelo normalizado e canalizáranse mediante resolución, co mesmo contido que o previsto para os convenios das subvencións nominativas.



CAPÍTULO III. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Artigo 15. Xustificación

A obriga de xustificación ten por obxecto acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, das condicións impostas e dos obxectivos previstos así como a aplicación dos fondos percibidos. A modalidade de xustificación deberá indicarse na convocatoria, convenio ou na resolución de concesión de entre as previstas no artigo 30.1 LXS.

Se a subvencións se concede en atención á concorrencia dunha determinada situación do perceptor, non requirirá outra xustificación que a acreditación da dita situación previamente á concesión.

A modalidade ordinaria de xustificación será a conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos, que deberá conter:

1. Memoria da actuación con indicación das actividades realizadas e os obxectivos acadados e na que conste declaración expresa de que se cumpriu coa finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.
2. Memoria económica:
 - Relación clasificada dos gastos da actividade con indicación do
 - Proveedor
 - NIF
 - Nº documento
 - Concepto
 - Data
 - Importe
 - Data de pago

Debendo indicarse se os importes abonados en concepto de IVE son ou non recuperables ou compensables.

Deberán achegarse todos os xustificantes acreditativos dos gastos incluídos nesta relación así como os xustificantes de pago.

Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior ao fixado pola Lei 7/2012 do 29 de outubro de Prevención de fraude fiscal ou normativa que a substitúa.

No caso de gastos de persoal deberá achegarse unha relación onde conste:

- Nome e apelidos e NIF da persoa empregada
- Mensualidade
- Importe bruto
- Data de pagamento á persoa empregada
- Importe do custe de seguridade social a cargo da empresa
- Mensualidade
- Data de pagamento á seguridade social

Deberán achegarse os recibos de nóminas e xustificantes de pago á persoa empregada así como os documentos RNT, RLC e xustificante de pagamento a seguridade social.

3. Acreditación das medidas de difusión e publicidade adoptadas.

Deberán achegarse fotografías acreditativas da inclusión no material publicitario ou de difusión da actividade o logo do Concello de Vedra ou mención expresa da súa participación na actividade. Así mesmo, calquera información nos medios de



comunicación (prensa escrita, radio, internet, boletíns ou notas internas do club, caso de existir, etc), deberán aludir á colaboración do Concello de Vedra.

- Relación detallada de ingresos ou subvencións percibidas para o financiamento da actividade indicando o importe e procedencia.

Artigo 16. Pagamento das subvencións

O pagamento das subvencións efectuaranse unha vez aprobadas as xustificacións das subvencións concedidas. Excepcionalmente, e sempre que así se estableza nas convocatorias das concesións en réxime de concorrência, poderán efectuarse pagamentos anticipados. No caso de subvencións nominativas directas previstas no orzamento, o anticipo non poderá ser superior ao 75% do importe concedido. No suposto de subvencións directas de carácter excepcional do artigo 22.2.c) admitirase o anticipo de ata o 100% do importe concedido.

CAPÍTULO IV: REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 17. Reintegro das subvencións

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) referido á invalidez da resolución da concesión e nos supostos previstos con carácter xeral no dito artigo.

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde o inicio do reintegro ou data en que o debedor ingresara ou reintegrara se fora anterior.

O procedemento de reintegro rexerase polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no título IV da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especialidades da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 18. Réxime de infraccións e sancións

As infraccións e sancións en que poidan incorrer as persoas beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2. DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Aos procedementos de concesión de subvencións xa iniciados á entrada en vigor da presente ordenanza seralles de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio. Considerarase o procedemento iniciado para as subvencións de concorrência competitiva dende o momento da publicación da convocatoria e para a concesión directa o momento en que se adopte a resolución de concesión ou se subscriba o convenio.

3. DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas todas as ordenanzas xerais reguladoras das distintas subvencións.



4. DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza, unha vez que sexa aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal.